

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

EXTRACTO da Orde do 22 de xuño de 2021 pola que se amplía o crédito da Orde do 29 de decembro de 2020, pola que se modifica a Orde do 3 de agosto de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrència competitiva, a proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020, ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), se convocan as correspondentes ao ano 2016 e se fixa o crédito dispoñible na convocatoria 2021 tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento PE155B).

BDNS (Identif.): 545108.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios destas axudas os grupos de acción local do sector pesqueiro que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ter sido seleccionados pola Consellería do Mar no marco do desenvolvemento sustentable das zonas de pesca do FEMP 2014-2020.

b) Ter asinado un convenio de colaboración coa Consellería do Mar para o desenvolvemento dunha estratexia de desenvolvemento local participativo (EDLP).

Segundo. Finalidade

O obxecto desta orde é ampliar o crédito para a convocatoria de 2021 das axudas reguladas na Orde do 3 de agosto de 2016 (DOG núm. 166, do 2 de setembro), modificadas pola Orde do 29 decembro de 2020 (DOG núm. 15, do 25 de xaneiro 2021) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrència competitiva, a proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dos grupos de

CVE-DOG: jwdq76r6-epy6-e9t0-p987-skynsqzjoh2



acción local do sector pesqueiro (GALP) para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020, ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP).

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 3 de agosto de 2016 (DOG núm. 166, do 2 de setembro), modificada pola Orde do 29 de decembro de 2020 (DOG núm. 15, do 25 xaneiro de 2021), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrência competitiva, a proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020, ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP).

Cuarto. *Importe*

O crédito orzamentario para as solicitudes de axuda a proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) tramitadas durante o exercicio do ano 2021 e a plurianualidade asociada alcanza o importe de catrocentos trinta e dous mil novecentos noventa e tres euros (432.993 €), repartidos nas seguintes anualidades e partidas orzamentarias:

Partida orzamentaria	2021	2022	Total
15.03.723C.780.1	250.000 €	182.993 €	432.993 €

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2021

Silvia Cortiñas Fernández
Secretaría xeral técnica da Consellería do Mar

